Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

Artigos

NOVAS ACHEGAS Ó ENCLAVE ROMANO DE XINZO DE LIMIA

News attach to the enclave roman of Xinzo of Limia

Lino Gorgoso López[1, a], Paula Méndez Santiago[1], Ana I. Tembra Piñeiro[1], Ángel Acuña Piñeiro[1, b]
[1]Adro Arqueoloxica S.L., España

[a] lino.gorgoso@gmail.com

[b] adro@arqueoloxica.es

Recibido: 08/04/2020 ; Aceptado: 07/05/2026

Resumo

Damos conta no presente artigo dos achádegos realizados durante unha longa intervención arqueolóxica na vila de Xinzo de Limia (Ourense). Os datos recabados na mesma reflicten a importancia do enclave romano alí situado, modificando parcialmente o coñecido ata o de agora. Un destacable conxunto de materiais, estruturas de diversa tipoloxía e configuración e unha maior amplitude na dispersión dos restos no Casco Vello e no entorno da poboación, motivan a necesidade da publicación deste artigo. Faise especial fincapé na tipoloxía dos materiais exhumados, que aportan unha cronoloxía antiga do conxunto habitacional.

Palabras chave: Xinzo de Limia; restos romanos; Terra Sigillata Hispánica; Impluvium; Hipocausto.

Abstract

In this article, we give an account of the discoveries made during a long archaeological intervention in the town of Xinzo de Limia (Ourense). The data gathered in it reflect the importance of the Roman enclave located there, partially modifying what is known up to now. A remarkable set of materials, structures of various types and configurations and a greater breadth in the dispersion of the remains in the Casco Vello and around the population, motivate the need for the publication of this article. Particular emphasis is placed on the typology of exhumed materials, which provide an ancient chronology of the housing complex.

Keywords: Xinzo de Limia; roman remains; Terra Sigillata Hispanica; Impluvium; Hipocausto.

Copyright © Universidad de Santiago de Compostela. Artículo en acceso abierto distribuido bajo los términos de la licencia Atribución-NoComercial-SinObraDerivada 4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0))

INTRODUCIÓN

Poucas veces temos os arqueólogos galegos a posibilidade de realizar intervencións de fondo calado, intensas e extensas, que permitan un coñecemento meirande dos xacementos nos que intervimos; aínda en menos ocasións sucede isto en núcleos habitados de fonda raizame histórica, xa que en xeral as intervencións arqueolóxicas son reducidas e concretas.

Cando se plantexou o desenvolvemento da rede de gas urbano en Xinzo de Limia por parte de Gas Galicia sdg, pensamos que para nós sería unha oportunidade única para actuar nun entorno urbano de gran relevancia histórica, xa que os achádegos do pasado na vila e no seu contorno indicaban a existencia dunha importante concentración de restos de época romana. Desta forma plantexamos o proxecto titulado Control Arqueolóxico Rede de Distribución de Gas Canalizado no Casco Antigo de Xinzo de Limia e entorno (Nota 1), coa finalidade de identificar posibles restos dentro da traza da obra e ofrecer unha solución rápida e eficaz á hora de compatibilizar a conservación dos restos e a execución dos traballos.

Porén, entre Outubro de 2014 e Decembro de 2015, levamos a cabo un total de 50 sondaxes arqueolóxicas manuais e un control efectivo de 3.738 metros de gabias, cuns resultados altamente sorprendentes e que ofrecen un novo panorama sobre o pasado da vila limiá (Nota 2). Tras varios anos, pensamos que chegou o momento de dar a coñecer estes datos ó público en xeral, coa finalidade de que as hipóteses ata o de agora plantexadas poidan confirmarse ou debaterse.

OS ANTECEDENTES HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS

Xinzo de Limia é na actualidade unha importante poboación urbana a nivel comarcal, capital da Alta Limia e unha das vilas de máis dinamismo da provincia de Ourense (figura 1). Ubicada nunha ampla chaira, entre os 610 e 625 m.s.n.m., arrodéase de elevacións pouco destacadas en primeiro termo, penichairas terminais de sistemas meirandes, algúns residuais do Macizo Central ou da Serra do Larouco. Pero a configuración da comarca está mediatizada pola presenza ata o século XX da gran lagoa cuaternaria de Galicia, a de Antela; a existencia deste gran espazo lacustre modelou a paisaxe dende tempos inmemoriais, acaroándose ás súas beiras as poboacións de maior relevancia mesmo na actualidade, e tamén supuxo a domesticación da propia paisaxe coa creación de bados, pontes, poldras e mesmo o "canal de Antela", de escuro orixe histórico ata o de agora.

Nota 1 Código do expediente administrativo ED 102 A 2014/147 – 0, posteriormente ampliado no ED 102 A 2015/290-0. A Memoria Técnica da intervención data de Marzo do 2017.

Nota 2 Actuacións levadas a cabo baixo a dirección dun dos firmantes (LGL) e coa axuda técnica dos arqueólogos e arqueólogas: Paula Méndez Santiago, Ana I. Tembra Piñeiro, María Fiodora López Patiño, Adrián Folgueira Castro, Alfonso Collazo Martínez, Eva Albadalejo Iglesias, Óscar Penín Romero, Ernesto Mulero, Eberto Pena Rey, Begoña Albertos Figueroa (restauradora) así como coa coordinación de Ángel Acuña Piñeiro. A todos eles grazas polo seu desempeño neste duro traballo, ó sol do estío e á intemperie no rigor do inverno limiá.

Figura 1. Plano de situación de Xinzo de Limia e ortofoto actual da vila.



A propia presenza da Lagoa era unha fonte de recursos en base á proliferación de rochas inxeridas nos materiais de aluvión (areas, gravas e areniscas), nun entorno no que as intrusións de cuarcitas e gneis entre os granitos son predominantes. Xa antes do seu desecamento (en dúas fases, anos cincuenta e noventa do século XX), os chans das marxes da Lagoa presentaban fortes fases de estresamento hídrico e aridez, con chans barrentos ácidos que foron aproveitados ó longo do tempo para cultivos estacionais de grande éxito.

Entre finais do século XIX e todo o século XX producíronse diversos achádegos romanos na vila de Xinzo e no seu entorno que levaron a identificar a este núcleo coma un posible *forum* ou núcleo urbano dende época Flavia, seguramente vinculado ó *populi* da *Civitas Limicorum*, aínda que algúns autores o sitúan máis ben en Nocelo da Pena -Sarreaus, véxanse varios artigos citados de M. García Valdeiras (GARCÍA, 2004; GARCÍA, 2009), entre outros-. O xacemento presentaría, en base ós materiais e fontes epigráficas unha fase inicial altoimperial, pero con permanencia no Baixo Imperio e comezos da fase tardorromana, quizais ata chegadas dos Suevos (PÉREZ, 2014: 18).

En realidade, quen pon o foco sobre a importancia de Xinzo en época romana por primeira vez é o erudito A. Ceán Bermúdez en 1832 (CEÁN, 1832: 220), tras coñecer a existencia de restos e visitar a vila: "*(...) Hay en Ginzo piedras labradas, ladrillos grandes, fragmentos de sepulcros y de lápidas y se encuentran monedas de emperadores (...)*", nun relato imbuído nas lendas que relataban os veciños sobre a cidade "asolagada" de Antioquía e o "Lago Belión", recollidas previamente polo Padre Flórez e posteriormente por Pascual Madoz.

Dende entón, aparecerá como unha das referencias poboacionais para a Galicia romana, incrementándose a súa relevancia logo da descuberta en 1972 de novos restos estruturais na finca A Regueira/A Cortiñela (Barrio de Abaixo), especialmente dúas estatuas sedentes galaico-romanas e o posible trazado dunha vía empedrada vinculada a unha suposta vila baixoimperial, segundo Ferro Couselo, nunha interpretación posteriormente revisada por F. Fariña e M. Xusto (FARIÑA ET AL, 1995: 63), onde tamén se apunta a existencia dun complexo industrial de tecidos e, quizais, metais. Ao carón desta finca e embutida nun muro, apareceu unha ara adicada a Reve no ano 1983, e pouco despois nas súas proximidades, unha nova ara votiva a Cibeles/Juno ó reformar un solar con traseira á rúa Galicia.

Entre 1995 e 1996, o Museo Arqueolóxico de Ourense desenvolve varias intervencións no interior e exterior da Igrexa Vella, confirmándose a existencia dun xacemento habitacional e quizais monumental, datado entre o século I e o IV da Era, asociado a una necrópole tardía, tumbas de tégula a dobre vertente e orientadas NO-SE, sen enxoval. A primitiva igrexa románica aséntase sobre esta necrópole. Diferindo do publicado desta intervención por Xusto Rodríguez,

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

F. Pérez Losada (PÉREZ, 2002), propón en base ós materiais exhumados unha cronoloxía máis ben altoimperial, sen explicar a existencia de varios numismas de emperadores dos séculos III e IV da Era. En calquera caso, semella evidente a existencia de superposición de estruturas diferentes neste espazo, algunha delas entendida como complexo termal, en base a existencia dun hipocausto (XUSTO ET AL., 2000: 29-30).

Xa nos estertores do século XX, Xusto Rodríguez elabora unha carta de distribución dos restos da vila para o planeamento urbanístico, que posteriormente aproveita F. Pérez Losada para incluír a Xinzo como un dos principais "aglomerados secundarios" romanos de Galicia. En base a esta delimitación lévanse a cabo actuacións arqueolóxicas puntuais vinculadas ó desenvolvemento urbanístico, identificándose novos restos estruturais na rúa Igrexa (2002), enterramentos romanos na rúa Peto e Avenida de Ourense (2003), un posible *opus signinum* no entorno do camposanto municipal, estruturas altoimperiais na rúa de San Roque (2004), diversos materiais romanos nas rúas Galicia (2004), Santa Sé, Serra de San Mamede (2005), Pena Trevinca (2007), San Roque (2015), na horta da Reitoría, etc. Destacamos especialmente a intervención do ano 2008 na rúa Outarelo (actualmente Romero Nieto), coa identificación dun gran establecemento tipo *tabernae*, datado entre o I e o III da Era (NIETO, 2010: 182).

Apuntouse tamén a súa importancia como nó viario secundario, en base a existencia de alomenos un miliario, adicado a *Galerio Valerio Maximiano* (CIL4853; 293-305 da Era) na finca *A Cortiñela* (VARELA, 1991), moi preto de restos dispersos (muíños circulares, estruturas e materiais cerámicos) que apareceron na denominada finca A Touza (FERRO, 1972: 331), vinculados a unha vila desa época. Un segundo miliario adicado aos emperadores Maximino e Máximo (235-238 da Era), actualmente desaparecido e descrito por Marcelo Macías, atoparíase no seu momento na Praza Maior pero na súa orixe prístina procedería do Norte da vila; aínda que a día de hoxe existen numerosas disensións sobre o paso por este punto da vía secundaria que vai de Chaves a Ourense, non é menos certo que a escasa distancia ó Oeste discorrería a Vía XVIII do Itinerario de Antonino, que atravesa o Limia por Ponte das Poldras (Sandiás), dende o Congostro.

Posteriormente á época romana, as novas sobre a vila desaparecen case que por completo ([Nota 3]), conservándose no século IX a mención á "vila da Limia" nunha doazón de Afonso III, que tamén fai referencia á súa igrexa, quizais debido á preservación da parroquia. Xa no século XII aparece novamente mencionada en tempos de Fernando II, co gallo dunha invasión portuguesa. A igrexa primixenia, de estilo románico, dataría de arredor do 1211, cando Afonso IX dona a vila de "*Geinzo*" a Dona Estefanía Pérez.

Nos estertores da Idade Media a poboación aparece citada como poboación relevante nos feitos da Segunda Guerra Irmandiña e en diversos preitos da Casa de Biedma, Zúñiga e Acevedo, entrando na órbita do Señorío de Monterrei, ó que pertencerá ata tempos recentes (Nota 11).

Nas últimas centurias os cambios na súa configuración urbana aceléranse, debido ó novo trazado da vía Vigo-Villacastín, ou "Carretera de Castilla", desviada cara o Norte da poboación, quedando o vello *Camiño Real de Monterrei* como unha avenida urbana na actual rúa Galicia – Constitución - Lepanto. Este novo trazado supuxo a demolición de varias vivendas e edificios senlleiros, como os coñecidos "cubertos" da feira (agora trasladada ó Toural), a Capela de Santa Margarida, ou o vello cemiterio, trasladado a mediados do século XIX á súa actual ubicación no Barrio de Abaixo.

Pero a transformación de maior calado acaecida na Limia foi ao desecamento da Lagoa de Antela, que mudou o completo a fisionomía da comarca e da vila. Comezada a mediados dos

[Nota 3] Unha parte importante das fontes históricas desta época baséanse no exposto por Idacio (Hidacius), natural da Limia, e nas que deixan de mencionarse as poboacións coñecidas logo da chegadas dos suevos, vándalos asdingos, vándalos silingos e alanos (LÓPEZ, 2004).

anos 50 do século XX, a canalización do río para evitar os coñecidos "asolagamentos" invernais tamén conlevou a transformación das zonas lacustres da súa ribeira, especialmente no Barrio do Toural, ó Sur da vila. O acceso anterior pola "Ponte Vella", que conectaba o río Limia coa calle Outarelo, desvíase agora cara o Leste pola "Ponte Nova", enlazando coa estrada a Portugal, feito que coadxuva no traslado dos espazos preeminentes da vila cara o Leste.

A finais de século remátase o desecamento e comeza a ocupación dos espazos lacustres anteriores, nun crecemento urbanístico desaforado que conlevou a desaparición de boa parte do patrimonio construído da vila, como as fábricas (A Telleira, A Molinera), casas brasonadas, o vello cárcere e cuartel da Guardia Civil, etc.

Actualmente, a clave **GA32032030**, denominada como *Núcleo Histórico de Xinzo de Limia*, engloba as diferentes zonas de achádegos romanos do entorno, dende a aprobación do PGOU Municipal en 2003. Nos últimos anos, o Grupo Marcelo Macías ven de publicar unha páxina web na que se recollen a totalidade dos achados arqueolóxicos da Alta Limia (http://altalimia.org), que recomendamos ó lector para unha visión xeral do panorama comarcal.

O DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN

Con este panorama previo, a actuación desenrolouse de xeito paralelo ás obras de canalización, comezando polas entradas á vila (Zona B do proxecto) e rematando no interior da mesma, onde se realizaron as sondaxes arqueolóxicas (Zona A, Casco Histórico), previas á execución das gabias nesta zona.

A fase de Control dividiuse en cinco sectores para a súa mellor comprensión na Memoria Técnica, correspondéndose cada un deles cos barrios da vila de Xinzo; son os seguintes: Barrio do Toural, Barrio de Abaixo, Polígono, Carretera de Castilla e o Ensanche (figura 2).

Figura 2. Plano de situación dos sectores e principais achádegos da intervención.



Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

O Toural sitúase ó Sur da vila, nas marxes lacustres da canle do Río Limia, aproveitados no século XIX para situar o novo espazo feiral, baixo a nova Alameda levantada para elo. Trátase dun entorno case periubano ata época Contemporánea, anteriormente empregado como espazo de cultivos, moi condicionados polas enchentes do Río. A planimetría antiga recolle neste punto a Ponte Vella, paso case de "poldras" polo que se accedía a Xinzo dende o Sur, pola rúa Outarelo; con nova configuración urbana, o acceso muda nun primeiro momento cara a rúa San Roque que conecta co centro urbano, nome que recibe pola existencia pasada dunha capela adicada o santo da peste, hoxe desaparecida e lamentablemente non identificada.

Figura 3. Proceso de documentación das sondaxes

Arqueolóxicamente falando, diferenciamos abondosos recheos sobre os limos e arxilas do espazo lacustre desaparecido, sobre os que se asentaban estruturas de épocas recentes, mesmo o que posiblemente se corresponda con restos do bado da Ponte Vella, entre as rúas Carmen Nóvoa e Romero Nieto. Nos depósitos lacustres aparece abondoso material romano latericio, en xeral rodado, froito ben dunha deposición casual ou derivado dos aportes de estercado diacrónico sobre as fincas de cultivo. No entorno da rúa Toural, pola contra, identificamos pavimentos compactados de arxila, que relacionamos con superficies urbanas da feira de gando primeiro e, posteriormente, a actual, con localización de numismas decimonónicos que o corroboran.

Conforme as obras avanzaban cara o Casco Histórico, comezamos a localizar potentes depósitos orgánicos sobre o substrato mineral, que identificamos con chans de tipo policíclico e con aportes de aluvión, que conteñen numeroso material latericio e cerámico romano, medieval e moderno, quizais froito tamén do seu emprego como espazo de cultivo, que aínda recollen planos de finais do século XIX. Esta idea refórzase ó localizar as grandes canles pétreas e de formigón vinculados ós momentos de desecamento da Lagoa a mediados do século XX, que cortan ditos depósitos, especialmente nas rúas Toural e Alexandre Bóveda.

O segundo sector definido é o Barrio de Abaixo, ó Oeste da vila, que conecta o Casco Vello coa zona de O Regueiro/A Moureira, onde apareceran as grandes estruturas romanas nos anos setenta do século XX. A pesares disto, apenas apareceron restos de interese nas súas proximidades, concentrándose estes na parte máis próxima ó Casco Vello e ó Polígono O Pombal, vivendas sociais dos anos sesenta.

Figura 4. Panorámica das sondaxes realizadas na rúa de San Roque.

Realmente temos que dar conta das profundas remocións que sufriran rúas como a de Galicia, antiga entrada á vila, e moi alterada nas últimas décadas, a pesares de que identificamos restos dun lousado de boa calidade na súa marxe Norte, que algún veciños aínda lembran e que denominaban "la acera". Os materiais localizados na súa base indican que, como moi temperá, dataría da Idade Moderna.

Con todo, e ó igual que sucedía cara o Sur da vila, os materiais romanos –e mesmo medievais ou modernos- localizados en recheos son abondosos, incrementándose exponencialmente ó achegarnos ó centro da poboación, pero non en exclusiva, xa que na rúa Cemiterio (actualmente Doutor Castro Rodríguez), apareceron materiais romanos no rodados depositados nunha especie de Horizonte A removido, que infiren a existencia dun espazo de ocupación neste entorno, onde xa se apuntara a conservación de restos dun pavimento romano identificado parcialmente nas marxes do camposanto municipal.

O chamado Polígono é un barrio recente, posterior ó desecamento da Lagoa, liminal coa vella canle do Limia e anteriormente adicado a cultivos e hortas, ó SE de Xinzo. Os depósitos identificados tamén presentan mostras da súa relación cun entorno lacustre (bandeados de area e grava), se ben predominaron os recheos de saneo derivados da construción das vivendas de tipo racionalista. Os materiais romanos son escasos, rodados e contidos en recheos, o que reflicte a remoción sufrida polo subsolo; identificamos pequenas concentracións na rúa Río Miño, Río Salas e, especialmente, na rúa Dous de Maio, onde a presenza de gran cantidade de tégulas e cerámicas romanas *in situ* provocou o desvío preventivo das gabias.

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

Figura 5. Vista cenital da estrutura romana da Sondaxe 11 da Rúa de San Roque.

Figura 6: Estruturas romanas da Sondaxe 14 da rúa de San Roque, coa canalización de tipo impluvium na parte inferior.

Figura 7. Detalle das tégulas decoradas do impluvium da rúa San Roque.

O Ensanche é todo o espazo ó Norte da actual estrada Nacional, conformado por vivendas do século XIX posteriores á creación desta vía e bloques de edificios das últimas décadas. Ó igual que no sector anterior, apareceron estruturas modernas e de época contemporánea, relacionadas con edificacións xa desaparecidas, como o muro exterior do "Pazo de los Murcianos" (actualmente baixo a Casa de Cultura) na rúa Marcelo Macías. A estratigrafía documentada reflicte a existencia de depósitos de terra orgánica das antigas hortas e espazos de cultivo, con puntual presenza de material latericio romano, en xeral rodado, pero xa sen evidencias de aportes fluviais, aparecendo o substrato mineral en ocasións en cotas someras.

Tan só queremos destacar a existencia de concentracións de materiais romanos en algúns puntos do sector, como as rúas Formigueiros (latericio, non rodado) e Cruceiro (latericio e cerámico, na confluencia co rúa Marcelo Macías).

Finalmente, a Carretera de Castilla aparece como denominación xenérica da saída Leste da vila cara Madrid, aínda que anteriormente era coñecido tamén o barrio como A Magdalena, pola presenza da capela que xa mencionamos anteriormente. Trátase dun espazo de gran expansión a mediados do século XX, especialmente nas marxes da estrada, o que provocou o retranqueo de vivendas e edificacións previas durante as sucesivas ampliacións da N-525, identificadas por nós, como a A Telleira na rúa San Sebastián, ou A Molinera na rúa Rosalía de Castro.

Ó igual que no sector do Polígono, diferenciamos aportes de saneo recentes para horizontalizar as rúas, despuntando tamén o Horizonte C en moitos puntos. Nos casos nos que aparecían depósitos de terra, moitos deles chans agrícolas, non eran raros os materiais

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

romanos rodados, como na rúa San Sebastián, destacando unha pequena concentración de pezas na rúa Rosalía de Castro, preto do colexio.

Para o final deste apartado deixamos as cincuenta sondaxes realizadas, na súa meirande parte executadas de xeito paralelo ó Control Arqueolóxico. Todas elas presentaron unas dimensións estándar de 2x1 metros no sentido das gabias posteriores, acadando una profundidade de cota de obra máis 25 cms de marxe de seguridade inferior, polo que oscilaron entre -1.10 e -1.30 metros da rasante. Non queremos facer unha descrición pormenorizada de cada unha das sondaxes, polo que redundaremos naquelas que ofreceron resultados positivos e unha perspectiva xenérica:

A denominada IT (intervención) San Roque comprende dezaseis sondaxes na Praza de San Roque e rúa homónima, onde identificamos abondosos recheos sobre os chans de encharcamento xa descritos, depósitos removidos de formación natural con materiais diacrónicos sobre o substrato mineral areoso (mesmo secuencias B-C). A partires da sondaxe numerada como 5, xa cara o Norte da Praza e na propia rúa San Roque, os achados materiais incrementáronse exponencialmente, comezando a aparecer as primeiras estruturas romanas, tanto murarias como en negativo, algunhas interpretadas coma fosas de combustión con restos metálicos (Sondaxe 6 e 7). Destacan, por exemplo, derrubes masivos de tégulas e estruturas como as da Sondaxe 11 (figura 8), orientada E-W e relacionada con materiais altoimperiais, ou a Sondaxe 15, se ben sobresaen pola súa calidade o lousado da Sondaxe 13 (Nota 12) e as estruturas domésticas da Sondaxe 14, vinculadas a unha canalización de augas realizada con tégulas decoradas a modo de *impluvium* (figura 10 e figura 11), lamentablemente seccionado por canalización previas. Xa posteriormente e durante a apertura da gabia, identificáronse ata cinco novos muros, tamén de mampostería pétrea de boa calidade, nos espazos entre sondaxes a cotas relativamente someras, claro síntoma da existencia de un amplo espazo construtivo nesta rúa e con toda seguridade de tipo habitacional, segundo o material exhumado.

Figura 8. Vista cenital da Sondaxe 10 no Barrio de Abaixo, onde se localizou un caleiro.

Figura 9: Estrutura romana localizada na rúa Santa Mariña, Sondaxe 17.

Figura 10. Vista cenital da Sondaxe 2 da Rúa de San Roque, con niveis de ocupación romana cortada por canalizacións dos anos sesenta.

Figura 11. Pavimento de arxila batida e muros de cronoloxía romana na rúa Santa Mariña, nas proximidades da Igrexa Vella.

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

A IT Barrio de Abaixo supuxo a execución de ata dezanove sondaxes nas rúas Galicia, Serra de Queixa, Praza do Padrón, parcial da rúa Santa Mariña (praza do Polígono O Pombal) e Alto do Furriolo. As situadas cara o Leste da secuencia apenas aportaron restos relevantes, en xeral alterados por obras recentes, máis aló da presenza de material romano, medieval e moderno. Na Praza do Padrón as calas ofreceren interesantes evidencias de época moderna e contemporánea, como os restos dun pozo circular, dúas estruturas pavimentais de chapacuña e lousas (Sondaxe 10 e 11) das que aínda había memorias visual, e mesmo una fosa para queimar cal (o caleiro da Sondaxe 11) (figura 12). Xa máis preto do núcleo histórico a cantidade de material romano é significativa, especialmente no entorno da Sondaxe 17, praza do Polígono O Pombal, onde despuntou un muro de cronoloxía romana e relacionado con materiais significativos, como TSH, que constatan a existencia do xacemento en boa parte desta rúa (figura 13).

Figura 12. Restos das pilae dun hipocausto, localizadas na Sondaxe 9 da rúa Santa Mariña.

Figura 13. Axóuxere de Pantalla localizado na Praza do Padrón, quizais o elemento deste tipo máis antigo dos coñecidos ata o de agora.

A seguir executouse a IT Peto-Santa Mariña, que comprende os sectores da rúa Santa Mariña e parciais de rúa Peto, Constitución e X.C. Romero Nieto, cun total de doce sondaxes. Arqueolóxicamente foi a máis frutífera, xa que na práctica totalidade das calas localizáronse restos materiais ou estruturais aínda que non é menos certo que a existencia de grandes canalizacións de auga e saneamento no centro das rúas, xa desfigurara en gran medida a conservación do xacemento.

No entorno máis próximo á Igrexa Vella os depósitos con restos, desmontados ou non, sucedéronse en todas as calas, destacando a Sondaxe 2 (figura 14), con depósitos evidentes de queimado das estruturas, niveis de paleochán bastante horizontais (Sondaxe 3 e 4), pavimentos de arxila rubefactada (Sondaxe 5) (figura 15) e, especialmente muros de evidente factura romana (Sondaxe 5, 6 e 7), orientados N-S e E-W, algúns facendo de cimentacións das vivendas que bordean o adro da igrexa. Xa na rúa X.C. Romero Nieto, a Sondaxe 8 tamén demostrou a existencia de estruturas relacionadas, seguramente, coa *tabernae* localizada nas proximidades no ano 2008.

Figura 14. *Sigillum* sobre TSH Forma 27.

Figura 15: Exemplares de TSH 4 da rúa Santa Mariña.

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

Quizais o máis destacado foi a localización de varias *pilae* ou *pilastri* de *opus latericium* na Sondaxe 9 (figura 16), que evidencian a existencia dun hipocausto relacionado coas estruturas circundantes, e que mesmo semellaba continuar cara o interior da vivenda anexa. Novamente, moitos dos niveis de uso do interior das estancias aparecen con potentes depósitos orgánicos de queimado, incluso con cinzas, que nalgúns casos poderiamos vincular ó propio emprego habitacional destes espazos (fornos, hipocausto), ou ben a un final abrupto do seu uso.

Figura 16. Forma I de Herrera de Pisuerga / Mayet XXI

Dado que as sondaxes realizadas contiñan estruturas senlleiras a cotas elevadas, realizáronse novas calas polo centro da rúa Santa Mariña (Sondaxe, 10, Sondaxe 11 e Sondaxe 12), buscando espazos para a execución das obras; nestas identificáronse estruturas romanas, algunha delas esquinais, no centro da rúa, se ben a existencia de canalizacións previas provocou que os muros localizados apareceran a cotas máis profundas ou parcialmente desmontados. Aínda así, no control de obra posterior localizáronse varios muros de idéntica cronoloxía e unha cantidade de materiais cerámicos moi importante.

Finalmente, a IT Dous de Maio executouse de maneira diferente, dado que a alta concentración de tráfico rodado neste acceso á vila imposibilitada a escavación manual de toda a secuencia, optándose pola retirada superior dos recheos e a escavación manual dos depósitos arqueolóxicamente fértiles. As tres sondaxes que levamos a cabo presentaron unha alta concentración de restos materiais latericios romanos, especialmente a Sondaxe 2, aínda que en cotas afortunadamente profundas, polo que as obras non suporían destrución algunha. Resultou moi espectacular a constatación de que, candomenos, a inxente cantidade de tégula da Sondaxe 2 correspondía a un derrubo *in situ* do teito dunha estrutura, que aparecía cortado cara o Oeste por unha tubaxe recente; queda patente neste entorno que o xacemento romano acada os lindes do Casco Vello cara o Leste da poboación polo tanto, un dato de suma importancia na delimitación do que, evidentemente, supera calquera acercamento anterior á entidade do Xinzo romano.

MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS

Os materiais exhumados na intervención abranguen un total de 2.247 pezas, cun índice de fragmentación elevado e con descarte de boa parte do material latericio de menor porte (Nota

13). A cronoloxía das mesmas é maioritariamente romana (54% do total), nun conxunto onde priman de maneira abrumadora as cerámicas (96%), seguidas de lonxe por un nutrido grupo de metais (3%) e en menor medida vidros (1%), sendo residual o grupo dos útiles líticos (menor do 1%).

Aínda que o pezas non romanas son menores cuantitativamente, identificamos algunhas senlleiras, tanto de cronoloxía contemporánea como moderna da olería tradicional de Gundibós (Sober), Tioira (Maceda) ou Lobios, e especialmente de Niñodaguia (Xunqueira de Espadañedo), que relacionamos coas feiras que se celebraban en Xinzo dende tempos inmemoriais; tampouco son alleas as louzas finas de Sargadelos (dende a Primeira á Cuarta Época, 1808-1875), Pickman - La Cartuja, La Amistad de Cartaxena ou Ibero - Tanarga Santander.

Moitos dos numismas localizados tamén pertencen a esta época, como a moeda de 8 marabedís de Fernando VII, con ceca en Xubia e acuñado en 1823, ou as dúas "Perras Gordas" de dez céntimos do Goberno Provisional (1868-1872), exhumadas sobre o pavimento da vella feira de gando do Toural. De máis difícil encadre cronolóxico son a pequena campá de bronce localizada sobre un dos lousados da Praza do Padrón, que recorda en gran medida ó tipo empregado polas pantallas do Entroido de Xinzo dende o século XIX, ou a Cruz de Caravaca da rúa San Roque, realizada en bronce tamén, exvoto que tivo moita devoción a través da Compañía de Xesús dende o século XVIII, xa que representaba o *Lignum Crucis* máis fidedigno.

Vinculadas ós espazos de relevancia social do Casco Histórico, tamén identificamos louzas de época moderna esmaltadas en branco de Triana (Sevilla) e Talavera, así como Faienzas portuguesas; noutros casos trátase de elementos máis comúns e de uso xeneralizado, como os xa famosos bacíns hixiénicos esmaltados ou vidrados en verde e azul cobalto (CARAMÉS, 2006). Desta época tamén é unha moeda reselada de VI marabedís, con data en 1686, seguramente relacionada cos accesos á Xinzo, dado que se localizou nunha zona marxinal da rúa Serra de Queixa.

Da Idade Media os restos son reducidos pero existen, dado que é evidente a presenza de cerámicas de "Borde en Pestana" (ata 21 individuos) na mostra, fósil director entre o século XII e o XV (CÉSAR ET AL., 2010; ALONSO ET AL., 2013); trátase de vasillas de tamaños medios, pastas redutoras grises a negras con forte presenza de mica debido á mala decantación dos materiais finos. Noutros casos, apreciamos un acabado brilante no exterior, mentres que o interior é descoidado, con marcas de torno e regularización das zonas sensibles (asas, fondos, bordos), mediante a aplicación dos dedos durante a elaboración de las pezas. As decoracións son escasas, reducidas a cordóns aplicados nas panzas, serie incisas de "SSS" e algunha impresión e acanaladura, especialmente nas asas. Na meirande parte apreciamos a frecuente presenza de feluxe, debido ó seu emprego doméstico e que en moitos dos casos se trata de vasillas (ou xerros). Tamén identificamos series de producións diferenciables na orixe desta época, de cor gris especialmente cincentas, de maior porte que as anteriores.

Sen dúbida, as pezas adscritas á romanidade son as máis habituais na nosa mostra, xa sexa dispersas pola superficie sometida a Control Arqueolóxico ou en grandes concentracións nas áreas escavadas. Destaca polo seu número a Cerámica Común Romana (CCR en adiante), que acada o 69% do total das cerámicas desta cronoloxía, especialmente vasillas de tamaños medios, pastas redutoras grises u oxidantes beixe, con presenza de mica e seixo como degrasantes; ademais, apreciamos unha serie de acabados recorrentes, como os espatulados exteriores, escobillados ou producións brilantes executadas mediante brunido, de aspecto metálico. Dentro do repertorio habitual para esta cerámica no NW (Nota 14), apenas identificamos algunhas olas tipo Alcorta O1 (XL.14/1642), a tapadeira Alcorta TV e xerras biasadas do tipo Alcorta J7 (ALCORTA, 2001).

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

Dentro deste grupo das CCR, sobresaen por cantidade e calidade as pezas denominadas pratos de engobe vermello (11%), en dúas producións: a primeira e máis numerosa é a vinculada a *Lvcvs Avgvsti*, de pastas redutoras ou mixtas, con presenza de micas e seixo na alma cun verniz vermello vivo ou alaranxado, distinguindo os tipos Alcorta EP1, EP2 e EP3 (ALCORTA, 2001). A outra produción diferenciada, distínguese por una tonalidade mais clara e nódulos micáceos de tamaño medio na pasta, con recubrimentos de peor calidade, en tons marróns, posiblemente con orixe na zona produtora de Maximinos de *Bracara Avgvsta* (MARTINS ET AL., 2009; MONTES ET AL., 2015).

Tamén cun alto número de exemplares aparece a cerámica fina *Terra Sigillata*, cun total de 207 fragmentos en 183 rexistros, o 17% da cerámica romana; deste total, sobresae a TSH (96%), con casos residuais de producións máis serodias (TSA, posiblemente C) ou antigas (TSG, posiblemente de orixe sudgálico de La Grauffesenque).

Para as TSH temos a posibilidade de vincular as nosas pezas á produción de Tricio (A Rioxa), non so polas características das pastas, senón tamén pola existencia dun selo ou "sigillum" no interior dunha copa TSH 27, na que distinguimos a parte final "*MAT*", seguramente parte de *EX_OF_S_MA T (S MATRITIENSIS)*, identificado como procedente do taller de Prado Alto (Tricio), e que aparece con certa profusión en cidades como *Legio* ou *Conimbriga*, mentres que en Galicia identificouse tamén no campamento de Cidadela (LÓPEZ ET AL., 2006: 93) (Sobrado dos Monxes, A Coruña), datado na primeira ocupación do recinto militar cara o ano 80 da Era (figura 17).

Figura 17. Cerámica Pintada Bracarense.

No tocante ás formas, destaca a presenza do servizo de mesa TSH altoimperial, sendo maioritaria a cunca Forma 37 (31% del total, tanto 37 A como 37 B), seguida do prato con moldura TSH 15/17 (25%); más chamativa é a presenza con altos porcentaxes do prato decorado con burilado na ala e asas en lazo (figura 18) TSH 4 (15%) que, aínda que frecuente, non é habitual que acade un índice de localización tan elevado no NW (NAVEIRO, 1991; ROCA ET AL., 2005).

Figura 18. TSH Forma 29, localizado sobre o hipocausto da rúa Santa Mariña.

Outros tipo identificados serían a TSH 27 (11%) e a TSH 29, mentres que o vaso TSH 30, a xerriña TSH 20, o vasiño TSH 24/25 e o prato TSH 36 apenas aportan algún exemplar. Con este repertorio descrito, as tipoloxías semellan encadrarse entre as décadas finais do século I da Era e comezos ou mediados do II, especialmente pola preeminencia da TSH 37 sobre a TSH 29, así como pola maior presenza do Estilo de Metopas e Figurativo fronte ó de Círculos. Esta idea reforzase tamén pola inexistencia de formas típicas das primeiras producións de TSH así como de modelos evoluídos do século II, se ben existen decoracións nalgunhas pezas que lembran ós modelos sudgálicos (Estilo Figurativo en TSH 29), que quizais indiquen una cronoloxía lixeiramente máis antiga, entre o 50 e o 80 da Era (ROCA ET AL., 2005), como ocorre noutros xacementos do NW estudados en profundidade, como *Iria Flavia*.

Para as pezas máis serodias da mostra, destacan as ausencias máis que as presenzas, xa que non temos ningún exemplar de TSHT (algún prato TSH 15/17 de meirande tamaño podería datarse no século III da Era) e apenas un exemplar de TSH C, quizais a forma Hayes 31 ou Hayes 50, fontes habituais no NW cara o século IV da Era.

Tamén do grupo das cerámicas de luxo son as Paredes Finas (4% do total das cerámicas romanas), identificándose varias pezas do "tipo Melgar", ou "Melgar de Tera", alfar relacionado co campamento de Rosino de Vidriales/*Petavonium* (Zamora); trátase de cerámicas de pastas redutoras e son metálico, *vasa potoria* de comezos do século I da Era ata o II, moi similares a outras pezas da nosa mostra, seguramente de procedencia meseteña, bracarense ou emeritense. Recoñecemos tan só a forma Mayet XXI ou Forma 1 de Herrera de Pisuerga (discútese o seu orixe neste campamento -*Ivliobriga*, Palencia-, ou en Melgar), peza de acabado brilante e decoración en base a unha retícula de cadrados impresos (ou burilados), que imitan

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

a produtos propios da cestería tradicional (MARTÍN, 2008). Para *Bracara Avgvsta* apuntouse o seu emprego como contedor de produtos suntuarios de tipo mel o hidromel (MORAIS, 2006). A presenza destas tipoloxías en Xinzo non pode indicar máis que un certo estatus económico e social da entorna (figura 19).

Figura 19. Debuxos das olas CCR e Borde en Pestana máis significativas.



Ó igual que a meirande parte das pezas do tipo anterior, da rúa Santa Mariña tamén proceden varios exemplares de Cerámica Pintada Bracarense, quizais dos máis senlleiros da intervención; trátase de cerámicas de pastas claras e decantadas, decoradas con pintura vermella vinosa (MARTINS ET AL., 2009), que traza liñas oblicuas e triángulos recheos de outras liñas. Esta produción é aínda escasa en Galicia, se ben coñecemos exemplares de A Coruña ou Ourense, aparecendo con máis asiduidade na parte oriental da Gallaecia (especialmente Asturias); nas escavacións realizada nos anos noventa no entorno da Igrexa Vella xa se identificaran varios exemplares (figura 20).

Figura 20. Debuxos das pezas de cerámica fina de mesa de época romana da rúa Santa Mariña.



De maneira residual aparecen outros materiais de interese, como dous exemplares de lucerna, fragmentos de pequeno tamaño conservado que apenas ofrecen información, máis aló de que polas pastas posiblemente sexan importacións do Sur da Península, e que nunha das pezas consérvase un "X", quizais marca de alfar dunha lucerna de disco similar a outras de Lugo. Case que irrelevantes, apenas identificamos anacos de ánfora, varios pondus, fragmentos dun gran dolia, fichas de xogo, etc.

Mención aparte merecen os vidros de época romana, con un total de dezaseis, procedentes maioritariamente da rúa San Roque; de intensa fragmentación apenas podemos identificar, e iso precariamente, a coñecida botella Isings 50, se ben é probable que esta forma sexa a máis habitual en base ós grosores dos exemplares. Moita máis relevancia presenta un dos poucos vidros da rúa Santa Mariña, un fragmento de vidro polícromo en cor azul cobalto, azul Prusia e branco, que estamos tentados de relacionar cunha cunca Isings I do tipo "*Millefiori*", sen descartar que máis ben se corresponda cunha gran conta vítrea azulada, aínda así de cronoloxía imprecisa pero frecuentemente exhumada en xacementos castrexos do cambio de Era ou con materiais do século I antes da Era, como importación mediterránea. O resto da mostra componse de exemplares de tons azulados a verdosos, con algún bordo incoloro, que segundo a bibliografía ó uso (ISINGS, 1957) encadraríanse nunha cronoloxía máis serodia, a partir do século II de la Era, sen máis precisións.

Tamén non foron raros os metais, entre os que destacamos a existencia dun pé de bronce do que sería una estatuíña, remaches, aros, cravos e mesmo os asidoiros dun caldeiro, así como outros elementos non identificados formalmente.

Todo este repertorio da boa mostra da importancia dos restos localizados, quizais lixeiramente discordantes coas cronoloxías publicadas ata o de agora para intervencións anteriores na vila, xa que entendemos que os materiais da nosa mostra encádranse de xeito nidio nunha cronoloxía temperá, entre as décadas finais do século I da Era ata o seguinte, con pezas escasas do Baixoimperio (séculos III a IV) ou da tardorromanidade (séculos V ó VII), fronte a outras propostas de cronoloxías amplas, especialmente sinaladas para o entorno da Igrexa Vella, na rúa Santa Mariña e Peto (figura 21).

Figura 21. Momento da limpeza do gran derrubo de tégulas da Sondaxe 2 na rúa Dous de Maio, cortado á esquerda po una canalización recente.

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

Na análise micro espacial, destacamos a existencia de materiais de maior calidade e valor suntuario na rúa Santa Mariña (sixilatas, vidros, etc.) fronte ó entorno da de San Roque, pois neste último emprazamento son máis habituais as CCR e Pratos de Engobe Vermello que as louzas finas, o que podería sinalar a existencia de espazos de residencia diferenciados dentro da propia vila.

CONCLUSIÓNS

Tras todo o dito, a nosa intervención en Xinzo de Limia vinculada á rede de gas urbano, supuxo a execución dun Control Arqueolóxico de 3.878 metros de gabia (dun total de 14.489 metros de obra), e a execución de cincuenta Sondaxes Arqueolóxicas Manuais sobre o trazado da rede, traballos desenvolvidos o longo dun ano en varias fases. A experiencia vivida neste dilatado período provocou no equipo de arqueólogos certa sensación de pertenza á comarca limiá, dende logo inesquecible.

Documentamos secuencias estratigráficas diversas, nas que predominaban recheos recentes sobre depósitos naturais, algúns deles removidos xa por traballos antigos de horta. Identificamos estruturas modernas e contemporáneas en diversos puntos da vila, así como estruturas e niveis de época romana nas rúas San Roque, Santa Mariña e Dous de Maio, entre outras, ademais de abondoso material desta época no entorno da vila, conformando o que semella un *hinterland* agrícola de época diacrónica pero con inicio na Idade Antiga (figura 22). Tamén resaltamos a presenza de materiais diagnósticos das centurias finais da Idade Media, pouco coñecida, por non dicir descoñecida, no subsolo de Xinzo, pero que refrendan a existencia dunha poboación de certo dinamismo, tal e como recolle a documentación diplomática existente ou coñecida ata o de agora (figura 23).

Insistimos en que, segundo o noso punto de vista, estes achádegos non fan máis que corroborar a importancia do asentamento romano de Xinzo e, aínda que a nosa intervención deixou ocos sen encher no entramado urbano, é evidente que os dous espazos máis importantes na conservación de restos correspóndense co núcleo da rúa Santa Mariña e rúa Galicia (muros, pavimentos, estruturas de combustión, restos das *pilae* dun hipocausto) e, como novidade, a totalidade da rúa San Roque (muros, pavimentos, empedrados, estruturas de tipo *impluvium*). Os materiais exhumados revelan un contexto habitacional de certa relevancia e intensidade, datables entre a segunda metade do século I da Era e o século II (figura 24).

Aínda que F. Pérez Losada apuntaba no seu estudo dos aglomerados secundarios romanos en Galicia a un "... *núcleo de pequeño tamaño y configuración claramente viaria*...", na actualidade entendemos que o tamaño e funcionalidade de Xinzo en época romana é moito maior, descartándose tamén a apuntada trama de "espiña de peixe" dende a rúa Galicia con respecto ás rúas transversais (PÉREZ, 2002: 219), especialmente obvio na rúa de San Roque, xa que tanto na nosa como en anteriores intervencións, as estruturas habitacionais aparecen na propia rúa e con orientacións diferentes; con todas as cautelas necesarias, pensamos que o entorno da Igrexa Vella, quizás unha zona lixeiramente máis elevada que a súa contorna, formaría o núcleo orixinal da poboación, con espazos habitacionais de certa relevancia social e, seguramente, outros de carácter non residencial, aínda por definir. Dende este punto primixenio, o asentamento romano semella medrar en todas as direccións, creándose non só un área perimetral de evidente emprego agrícola, senón tamén con espazos domésticos concentrados.

Quizais a maior discusión aberta logo da nosa intervención derive da cronoloxía proposta por nós neste artigo, xa que identificamos unha ocupación antiga dentro do contexto romano no NW, con materiais predominantemente datados nas décadas finais do século I da Era, sendo residuais os adscribibles ós séculos III e IV da Era; este feito, que tamén é frecuente en outros

xacementos romanos da Gallaecia, non ten polo de agora unha explicación evidentes, toda vez que coñecemos a pervivencia destas poboacións no baixo imperio e tardorromanidade, polo que de cara ó futuro, convirá facer unha reflexión de amplo calado.

En resumo, a dispersión de restos e evidencias arqueolóxicas de Xinzo é moito meirande do coñecido ata o de agora, polo que propuxemos unha ampliación do entorno protexido cara os marxes da vila, especialmente na rúa Dous de Maio, esperando que novas actuacións globais ou específicas dentro do núcleo poidan refender o dito neste artigo. Tamén cómpre dicir que, como en moitas ocasións na arqueoloxía galega, chegamos tarde para a salvagarda do patrimonio arqueolóxico, constatando na nosa intervención que en moitas rúas da vila as obras realizadas dende os anos sesenta do século XX (especialmente as conducións de auga) xa destruíran boa parte dos abondosos restos romanos, esperando que estes feitos non se repitan de cara a un futuro no que as evidencias arqueolóxicas enterradas poidan axudar ó desenvolvemento económico e cultural de Xinzo da Limia (figura 25).

BIBLIOGRAFÍA

ALCORTA IRASTORZA, E. (2001) *Lvcvs Avgvsti. II Cerámica Común Romana de Cocina y Mesa* hallada en las excavaciones de la ciudad. Fund. Barrié de la Maza.

ALONSO TOUCIDO, F.; PRIETO MARTÍNEZ, M. P. RODRÍGUEZ RESINO, A. (2013) Cerámica en silos. Contextos medievais e modernos na rúa do Franco n. 31. Santiago de Compostela. Gallaecia 32: 215-248

AMARÉ TAFALLA, M.ª. (coord.) (2003) *Lucernas y ánforas*. Monográfico de la Serie Astorga IV de la Colección de Arqueología Leonesa.

ARIAS BONET G. (2003) "En torno a Foro Limicorum, y los caminos antiguos de la Limia. La Vía Límica", en *El Miliario Extravagante*, nº 77.

CARAMÉS MOREIRA, V. (2006) "Lozas Sevillanas en Baiona en los siglos XV y XVI", en *Glaucopis*, nº 12.

CEÁN BERMÚDEZ, J.A. (1832) *Sumario de las Antigüedades Romanas que hay en España*. Imprenta de Manuel de Burgos. Madrid.

CÉSAR VILA, M.; BONILLA RODRÍGUEZ, A. & LÓPEZ PÉREZ, Mª. C. (2010) "Aportaciones al conocimiento de la cerámica producida en la última fase de la Edad Media en Galicia", en *Metodología de Análisis Aplicada a los Estudios de Cerámica Tardoantigua y Medieval de la Península Ibérica*.

CONDE-VALVIS FERNANDEZ, F. (1975) "La laguna Antela y sus vicisitudes histórico arqueológicas", en *Boletín Auriense*, Nº V, pp. 159-177.

DURANY CASTRILLO, M.; PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J. & VAQUERO DÍAZ, Mº B. (2014) "A Terra da Limia na Idade Media, en PÉREZ LOSADA, F. –edit.- *Hidacio da Limia e o seu tempo: A Gallaecia Sueva. A Limia na época medieval*. Actas dos Cursos de Ext. Univ. UVigo (2007-2008). Concello de Xinzo da Limia. Páx.: 237-257.

FARIÑA BUSTO, F.; XUSTO RODRÍGUEZ, M. (1995) "O ara de Xinzo de Limia e a súa contextualización arqueolóxica", en *Boletín Auriense*, nº XXV, pp. 61-80.

FERRO COUSELO, J. (1972) "Estatuas sedentes y una columna miliaria de Xinzo de Limia", en *Boletín Auriense*, nº II, pp. 329-335.

GARCÍA ALÉN, L. (1983) *La Alfarería de Galicia*. Vol. 1. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

GARCÍA VALDEIRAS, M. (2001) "O Forum Limicorun", en *Minius*, nº 9, pp. 39-50.

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721

GARCÍA VALDEIRAS, M. (2003) "A escavación arqueolóxica na rúa da Igrexa de Xinzo de Limia", en *Lethes*, nº 5, pp. 198-208.

GARCÍA VALDEIRAS, M. (2004) "Escavacións arqueolóxicas en Xinzo de Limia (xullo 2003, xullo 2004)", en *Lethes*, nº 6, pp. 197-208.

GARCÍA VALDEIRAS, M. (2009) "Actuacións arqueolóxicas en Xinzo de Limia", en *Civitas*, nº IX.

GÓMEZ SALGADO, C. (2009) *A feira dos cubertos de Xinzo. Vinte séculos de historia da vila limiá*.

ISINGS, C. (1957) "Roman glass from dated finds", en *Archaelogica Traiectina II*.

LÓPEZ SILVA, X. (2004) *Idacio de Limia Bispo de Chaves*. Diputación Provincial de Ourense.

LOPEZ PEREZ, C. (2004) "El comercio de Terra Sigillata en la Provincia de A Coruña", en *Brigantium*, nº 16. Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña.

LÓPEZ PÉREZ, C. & CAAMAÑO GESTO, J.M. (2006) Adenda al "Corpus" de marcas de alfarero en "terra sigillata" localizadas en Galicia, en *Gallaecia*, nº 25, pp. 83-129.

MACIAS GARCÍA M. (1898) "Civitas Limicorun", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense de Ourense*, Tomo 1, vol. 7.

MADOZ, P. (1846) *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Tomos IX e XI.

MARTÍN HERNÁNDEZ, E. (2005) "La cerámica romana de paredes finas en el cuadrante noroccidental de la Península Ibérica", en *Sautuola*, nº XI, pp. 171-190.

MARTÍN HERNÁNDEZ, E. (2008) "Cerámica romana de paredes finas de época julioclaudia en el campamento de la "Legio VI Victrix" en León, los materiales del polígono de la Palomera", en *León II, Cuadernos de Arqueología Leonesa* II.

MARTÍNEZ PEÑÍN, R. (2013) "Los estudios de cerámica medieval en el noroeste peninsular: Galicia y Norte de Portugal", en *Interconexões, Revista de Ciencias Sociais*, Vol. 1.

MARTINS, M. & MORAIS, R. (2009) *Guía das cerámicas de produçao local de Bracara Augusta*. Braga.

MONTES LÓPEZ, R. & HEVIA GONZÁLEZ, S. (2015) "Producciones cerámicas de origen bracarense en el Chao de San Martín (Grandas de Salime, Asturias)", en *Férvedes*, nº 8, pp. 215-220.

MORAIS, R. (2006) "Potes meleiros e colmeias em cerâmica: uma tradiçao milenar", en Saguntum: Papeles del Laboratorio de Arqueología de Valencia, nº 36, pp. 149-161.

NAVEIRO, J. (1991) *El comercio antiguo en el NW peninsular*. Monografías Urxentes do Museo, nº 5.

NIETO MUÑÍZ, E. B. (2009) "Recuperando o "Esquecemento" o Xinzo Romano", en *Civitas*, nº IX, pp. 53-58.

NIETO MUÑÍZ, E. B. (2010) "Sondaxes arqueolóxicas para asento de zapatas no predio nº 3 da rúa Xesús Carlos Romero Nieto, Xinzo de Limia", en *Actuacións Arqueolóxicas, Ano 2008*. Xunta de Galicia, pp. 182-183.

PÉREZ LOSADA, F. (2002) "Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia", en *Brigantium*, nº13.

PÉREZ LOSADA, F. (2014) "Introducción", en PÉREZ LOSADA, F. –edit.- (2014) *Hidacio da Limia e o seu tempo: A Gallaecia Sueva. A Limia na época medieval*. Actas dos Cursos de Ext. Univ. UVigo (2007-2008). Concello de Xinzo da Limia. Páx.: 9-26.

ROCA ROUMENS, M. & FERNANDEZ GARCIA, Mª I. (Coords.) (2005) *Introducción al estudio de la cerámica romana. Una breve guía de referencia*. Servicio de publicaciones de la Univ. de Málaga.

RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (2011) "A pegada romana no territorio dos límicos", en *Lethes*, nº 10, pp. 38-51.

RIVAS FERNANDEZ, J. C. (2000) "O foro dos límicos, Xinzo, epicentro de camiños en época romana", en *Lethes*, nº II. pp. 62-73.

VARELA BARRIOS C.; AMADO ROLÁN, N. & GONZÁLEZ VÁZQUEZ, I. (1991) "A Touza/A Viña". Ficha inventario de Xacementos Arqueolóxicos Xunta de Galicia.

VÁZQUEZ NÚÑEZ, A. (1898) "La epigrafía romana en la Provincia de Orense", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, T 1, fasc. 5, pp. 77-85.

XUSTO RODRIGUEZ M. (1998) "O núcleo urbano de Xinzo e as súas orixes romanas", en *Congreso Internacional de los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico*, pp. 1291-1304.

XUSTO RODRÍGUEZ, M. (2000) "Iglesia Vieja de Xinzo de Limia. Intervención arqueológica y lectura histórica", en *Restauración y rehabilitación*, *Revista Internacional del Patrimonio Histórico*, nº 37, pp. 26-33.

Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade, 39 (2026). ISSN-e: 2445-3927
https://doi.org/10.15304/gall.39.6721